

## TODA A BELEZA DO MUNDO CABE DENTRO DO CADRO. CHELO RODRÍGUEZ

Sempre é moi gratificante deixar testemuño do labor que realizan os e as artistas que naceron ou se vincularon ao noso concello. A súa sensibilidade, o seu xeito inédito de contemplar a realidade, as súas propostas estéticas, son unha parte irrenunciable da comunidade veciñal e ábrese ao mundo reclamando a atención de outras miradas. Porque, como dixo Federico García Lorca en relación á xenial pintora galega Maruja Mallo, “toda a beleza do mundo cabe dentro do ollo”. É dicir, toda a beleza do mundo cabe dentro do cadro a través do ollo que o contempla.

E debo engadir que o recoñecemento dos nosos artistas adquire un matiz especial cando se refire ao xénero feminino xa que a visibilidade das nosas creadoras é unha mostra máis no longo camiño cara a igualdade en que se encontra a humanidade. As artistas, tanto na literatura, a música, a pintura ou o teatro, foron pioneiras da reivindicación feminina e un dos motores deste movemento.

Hoxe quero recoñecer o traballo da pintora Chelo Rodríguez a quen seguimos desde que, arredor do ano 2004, se decidira a recorrer as rutas das exposicións sacando do anonimato as obras que xa se anunciaban na súa etapa de aprendizaxe xunto ao mestre Antonio Fernández Valverde. E foi no 2007 cando a súa actividade volvíase máis persistente e se multiplicaban os eventos en que participaba a artista. Nos seguintes anos e ata a actualidade, ela foi tecendo a golpe de liñas e pigmentos un extenso currículo no que destaca a súa proxección a diversos lugares e cidades da xeografía peninsular incluíndo tamén á veciña Portugal.

A súa obra vai acumulando temáticas e series como Recunchos, Cadeiras, Xogos, que se suman a paisaxes, bodegóns e demais motivos que se plasman cunha boa técnica - primordialmente executada ao óleo- e un dominio da cor que por veces quere ser atrevido sen perder o equilibrio cromático das súas composicións. A Chelo Rodríguez pode aplicarse aquela frase doutra mítica pintora, a mexicana Frida Khalo, cando explicaba: “os meus cadros están ben pintados, non con lixeireza, senón con paciencia”. E seguindo con Frida, non sei ata que punto puidera Chelo subscribir outras das súas aseveracións: “a pintura substituíno todo” ou a “a pintura encheu a miña vida”. É certo que a creatividade é un manancial que canto máis se frecuenta maior é o seu caudal.

A Chelo Rodríguez deséxolle unha carreira plena de éxitos e de acertos nos seus descubrimentos plásticos.

Eva García de la Torre  
Alcaldesa de O Porriño